


LOURDES NOYA FERREIRO, SECRETARIA XERAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,

CERTIFICA, antes da aprobación da acta correspondente, que o Consello de Goberno na sesión do vinteseite de abril de dous mil doce, aprobou a modificación do Regulamento de adscrición funcional a efectos de docencia das materias das titulacións de Grao e Máster a departamentos e áreas de coñecemento, nos termos do documento adxunto.

E para que así conste, asino a presente certificación en Santiago de Compostela a oito de maio de dous mil doce, con V<sup>o</sup> e praxe do Sr. reitor.

V<sup>o</sup> e praxe  
O reitor



Juan J. Casares Long

## MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE ADSCRICIÓN FUNCIONAL A EFECTOS DE DOCENCIA DAS MATERIAS DAS TITULACIÓNS DE GRAO E MÁSTER A DEPARTAMENTOS E ÁREAS DE COÑECEMENTO

As ensinanzas universitarias oficiais de Grao e Máster concrétnanse en plans de estudo elaborados polas universidades, verificados polo Consello de Universidades e autorizados na súa implantación pola correspondente Comunidade Autónoma.

Os programas formativos dos ditos estudos oficiais non establecen vinculación algunha entre materias dos programas de estudo e áreas de coñecemento polo que o Consello de Goberno da USC aprobou o *Regulamento de Adscrición Funcional a efectos de docencia das materias das Titulacións de Grao e Máster a departamentos e áreas de coñecemento* (sesións do 19 de novembro e do 21 de decembro de 2009, respectivamente).

Estes Regulamentos foron modificados en dúas ocasións por Acordos do Consello de Goberno do 22 de decembro de 2010 e 5 de maio de 2011. No primeiro caso para permitir un maior número de áreas de coñecemento ás que poder adscribir as materias con planificación específica (Traballos fin de Grao, Máster, prácticas externas, etc) e no segundo para axilizar a aprobación destes procesos de adscrición.

Non obstante e trala experiencia acadada dende a aprobación dos Regulamentos, así como as incidencias detectadas é necesaria unha nova modificación que axilice a aprobación destas excepcións para dar resposta ás peticións que en tal sentido formulen os centros e Comisións Académicas dos másteres en colaboración cos departamentos afectados.

Polo que verbo de todo o anterior e tendo en conta o artigo 2 dos regulamentos a Comisión de Organización Académica e Profesorado (COAP) ACORDA,

1) Engadir unha **Disposición adicional** a cada un dos regulamentos co seguinte texto:

A Vicerreitoría con competencias na materia poderá aprobar modificacións ao Acordo do Consello de Goberno pola que se aprobou a adscrición funcional a efectos de docencia das materias das titulacións de grao e máster a departamentos e áreas de coñecemento cando se teñan detectado erros de índole material ou omisións e sexa solicitado polos Centros ou Comisións Académicas dos másteres previo informe dos departamentos afectados.

Esta Modificación farase mediante a correspondentes resolución reitoral da que se dará conta ao Consello de Goberno.

2) **Renumerar** as disposicións adicionais do Regulamento de adscrición funcional a efectos de docencia das materias das titulacións de máster a departamentos e áreas de coñecemento sendo esta a **Disposición adicional segunda**.

Santiago de Compostela, 27 de abril de 2012